MONTERREI
Denominación de Orixe

NORMAS XERAIS PARA VITICULTORES

MODIFICACIÓNS RESPECTO Á EDICIÓN ANTERIOR:

Modificación do período de inscrición e modificación no Rexistro de Viñas, que pasa de estar comprendido entre o 1 de decembro e o 15 de xullo, ambos inclusive, a estar comprendido entre o 1 de decembro e o 1 de xuño, ambos inclusive (apdos. 2.1 e 2.2).

Modifícanse, así mesmo, as referencias ao prazo límite do 1 de xuño para as inscricións e modificacións no Rexistro de Viñas, en coherencia co cambio de período establecido nos apartados correspondentes (apdo. 2.3)

Engádese a letra c) ao apartado 6.4. Vendimadora mecánica, establecendo que, cando a uva vendimada mecanicamente sexa entregada na adega, deberá incrementarse o peso neto nun 4% como máximo. Neste caso, a adega debe deixar rexistro documental do peso neto orixinalmente recibido e o correspondente incremento.

Elaborado polo Director Técnico:	Revisado e aprobado polo Presidente:

ÍNDICE:

1.- OBLIGACIÓNS XERAIS PARA OS INSCRITOS

2.- INSCRICIÓN, MODIFICACIÓN DE DATOS E BAIXA NO REXISTRO DE VIÑAS

2.1.- Inscrición no Rexistro de Viñas

2.2.- Modificación de datos no Rexistro de Viñas

2.3.- Emisión periódica da *Ficha de Inscrición no Rexistro de Viñas*

2.4.- Vixencia das inscricións

2.5.- Baixa no Rexistro de Viñas

3.- ZONAS DE PRODUCIÓN

4.- VARIEDADES

5.- PRODUCIÓN MÁXIMA

6.- VENDIMA

6.1.- Obrigacións Xerais para os viticultores en vendima

6.2.- Entrada de uva na adega

6.3.- Control dos rendementos de producción

6.4.- Vendimadora mecánica

6.5.- Parte de recepción de uva

6.6.- Validación da colleita

7.- RASTREXABILIDADE

8.- ACTUACIÓNS DO ÓRGANO DE CONTROL

8.1.- Auditorías de viñedo

9.- NON CONFORMIDADES

9.1.- Definicións

9.2.- Xeneralidades

9.3.- Resposta do viticultor

9.4.- Prórroga

9.5.- Seguimento e valoración da correción

9.6.- Correción satisfactoria

9.7.- Non correción ou correción non satisfactoria

9.8.- Non conformidades: tipoloxía e categorización

10.- RECLAMACIÓNS ANTE O CONSELLO REGULADOR

ANEXO 1: REFERENCIAS LEXISLATIVAS

ANEXO 2: NON CONFORMIDADES: TIPOLOXÍA E CATEGORIZACIÓN

ANEXO 3: RELACIÓN DE NORMAS COMPLEMENTARIAS

1. OBLIGACIÓNS XERAIS PARA OS INSCRITOS

a. Os titulares inscritos no Rexistro de Viñas están obrigados ao cumprimento en todo momento co disposto no Regulamento da D.O. Monterrei e do seu Consello Regulador, e no Prego de Condicións da D.O. Monterrei, así como no seu Manual de Calidade, o cal implica tamén o cumprimento destas *Normas Xerais para Viticultores*, as normas complementarias destas (no seu caso), e demais normativa e lexislación de aplicación.

a. En particular, os titulares están sometidos ás obrigas expresadas na Lei 1/2024, de 11 de xaneiro, da calidade alimentaria de Galicia (DOG nº 13, de 18 de xaneiro de 2024).

b. Tamén están sometidos aos acordos que, dentro das súas atribucións, adopten a consellería competente en materia de agricultura e o Consello Regulador.

c. Así mesmo, deberán estar capacitados para cumprir o Prego de Condicións da D.O. Monterrei e acreditar as especificacións en canto a procedencia de uva, variedades empregadas e rendementos de producción.

d. Todo incumprimento destes requisitos será categorizado como unha non conformidade, que se comunicará ao inscrito e para a cal se lle concederá un prazo de correción. Dentro do devandito prazo deberán presentarse ante este Consello Regulador, ou concretamente ante o seu Órgano de Control se é este o que emite a comunicación da non conformidade, probas da adopción de accións ou medidas correctivas para a correción de dita non conformidade.

e. Para o exercicio de calquera dereito que lles poida corresponder, ou para poder beneficiarse dos servizos que preste o Consello Regulador, as persoas inscritas deben estar ao día no pago das súas obrigas e ter actualizados os datos achegados para a inscrición (datos de contacto, características das explotacións, etc.).

f. As persoas físicas, e os que representen ás persoas xurídicas inscritas nos rexistros do Consello Regulador, están obrigados a colaborar na realización dos procesos electorais para a renovación dos seus órganos de goberno, participando como membros das mesas ou outros órganos electorais cando sexan nomeados.

g. O incumprimento do indicado anteriormente poderá comportar a suspensión por un período de ata tres meses nos dereitos do inscrito, ou ben a baixa definitiva no Rexistro de Viñas, tras a decisión do Pleno do Consello Regulador, logo da instrución do correspondente expediente (art. 44º.4 do Regulamento da D.O. Monterrei e do seu Consello Regulador).

h. A resolución de suspensión ou baixa poderá ser impugnada ante a consellería competente en materia de agricultura.

INSCRICIÓN, MODIFICACIÓN DE DATOS E BAIXA NO REXISTRO DE VIÑAS

2.1. Inscrición no Rexistro de Viñas

a. A inscrición no Rexistro de Viñas do Consello Regulador poderá ser solicitada por calquera persoa física ou xurídica en posesión dunha viña situada na zona de produción e con variedades incluídas no Prego de Condicións da D.O. Monterrei.

b. A inscrición de viñas no Rexistro de Viñas do Consello Regulador só poderase solicitar entre o **1 de decembro e o 1 de xuño, ambos inclusive**.

c. Con posterioridade ao periodo indicado anteriormente, soamente permitirase inscrición no Rexistro de Viñas do Consello Regulador nos seguintes supostos e, en calquera caso, antes do comezo da vendima[1]:

   1. Por falecemento do titular.
   2. Por compra-venda de propiedades.
   3. Por novas incorporacións de viticultores.

d. A solicitude de inscrición farase por escrito presentado, debidamente cumprimentada, a *Solicitude de inscrición/modificación de datos no Rexistro de Viñas* (FIT-08/01), e adxuntando copia da seguinte documentación (vía correo postal, correo electrónico ou persoalmente nas oficinas do Consello Regulador):

   1. Ficha actualizada no Rexistro Vitícola de Galicia, en todos os casos[2].
   2. Se o viticultor é unha persoa física, DNI.
   3. Se o viticultor é unha sociedade, NIF, poder de representación (no seu caso) e copia da escritura de constitución.

[1] A todolos efectos, considerarase como inicio de vendimia a data na que comece a vendima a primeira adega.

[2] Admitirase a solicitude presentada no Rexistro Vitícola de Galicia, pero nestes casos o viticultor terá de prazo para presentar ao Consello Regulador a ficha actualizada no Rexistro Vitícola de Galicia ata o 1 de xuño (inclusive). En caso de retraso administrativo, este prazo prorrogarase automaticamente polo Consello Regulador ata o 1 de xuño seguinte, facéndose responsable tanto a adega na que entregue uva coma o viticultor, que queda obrigado a informar ao Consello Regulador da resolución do Rexistro Vitícola de Galicia, das consecuencias que isto poida producir. O cupo calcularase incluíndo a superficie en cuestión. Cando se detecte que a un viticultor non lle foi autorizada unha plantación que rexistrou no Rexistro de Viñas do Consello Regulador, e non informou delo ao Consello Regulador, isto considerarase unha non conformidade e poderá derivar na incoación dun expediente sancionador ao viticultor.

4. Certificado bancario de nº de conta corrente.
5. Contrado liquidado de arrendamento (no seu caso).
6. Contrato liquidado de compra-venta (no seu caso).

e. O Órgano de Control do Consello Regulador revisará a solicitude e a documentación presentada co fin de verificar, por un lado, que se entregou a documentación precisa e correcta e, por outro lado, que as viñas cumpren cos requisitos do Prego de Condicións da D.O. Monterrei en relación coa súas variedades e ubicación. En caso de que a solicitude non se atope completa e/ou correcta, comunicarase tal circunstancia ao interesado e concederase un prazo de 15 días naturais para emendar as súas deficiencias.

f. En caso de que o solicitante precise dun prazo maior para emendar a solicitude, este poderá solicitar unha prórroga de xeito motivado e por escrito. O Órgano de Control estudará dita solicitude e comunicaralle ao interesado a concesión ou non da prórroga e por canto tempo.

g. Unha vez se atope completa e correcta a solicitude e a documentación pertinente, o Consello Regulador dará de alta a viña no seu Rexistro de Viñas e comunicará tal circunstancia ao interesado. Como resultado, emitirase a *Ficha de Inscrición no Rexistro de Viñas* (FIT-08/02) (ver apdo. 2.3).

h. As parcelas consideraranse improdutivas no seu ano de plantación ou replantación; o segundo ano poderán ter un rendemento máximo do 30%, e do 100% no terceiro ano, contados desde a súa plantación ou replantación, inclusive.

i. Non será posible inscribir unha parcela no Rexistro de Viñas do Consello Regulador ata o segundo ano desde a súa plantación ou replantación (poderase admitir como evidencia a entrega da factura ou certificado de compra da pranta ao viveiro, no caso de erro no ano de plantación no Rexistro Vitícola de Galicia).

   P.ex.: unha parcela plantada ou replantada no ano 2024 non poderá ser inscrita antes do ano 2025, e ese ano poderá ter un rendemento máximo do 30%.

Nota importante: Esta cláusula será de aplicación con carácter retroactivo a partir da data de aprobación desta edición das *Normas para Viticultores* para esta vendima.

As enxertas deberán ser comunicadas no mesmo ano da súa realización, no prazo establecido no apartado 2.2 destas Normas, para que a producción desa parcela ese ano sexa anulada. Dita parcela poderá ter un rendemento máximo do 100% ao ano seguinte da súa enxerta.

2.2. Modificación de datos no Rexistro de Viñas

a. As modificacións de datos no Rexistro de Viñas do Consello Regulador só poderanse solicitar entre o **1 de decembro e o 1 de xuño, ambos inclusive**.

b. Con posterioridade ao periodo anterior, só se permitirán modificacións (e sempre antes do inicio da vendima) nos seguintes casos:

    1. Por falecemento do titular.
    2. Por compra-venda de propiedades.
    3. Por novas incorporacións de viticultores.
    4. Cando sexan necesarias a partir dunha auditoría de viñedos realizada polo Órgano de Control do Consello Regulador, co fin de emendar non conformidades.

c. O viticultor ten a obrigación expresa de informar ao Consello Regulador de alteracións no estado produtivo das súas parcelas por causas sobrevidas (p.ex. saraiba, xiada, incendio, etc.) ou de calquera redución no seu cupo, sexa esta temporal (non traballalas, replantación, reinxerta, etc.) ou permanente (edificación, etc.). A non comunicación destas alteracións conlevará a apertura dunha non conformidade.

d. En tempo de vendima, só poderanse realizar modificacións no caso de terse que emendar non conformidades detectadas durante unha auditoría ou control de viñedos. Se a parcela se atopa vendimada na súa totalidade, non se poderá dar esta circunstancia.

e. As modificacións, no referente ao incremento de superficie, deberán ser abonadas coma se se tratase dunha taxa de inscrición (terá o mesmo importe por metro cadrado que a taxa de inscrición), sen perxuizo da taxa anual aplicada por superficie inscrita no Rexistro de Viñas do Consello Regulador, que tamén deberá ser abonada.

f. Para modificar os datos dunha viña no Rexistro de Viñas deberase presentar debidamente cumprimentada a *Solicitude de inscrición/modificación de datos no Rexistro de Viñas* (FIT-08/01), anexando á mesma a seguinte documentación:

    1. Ficha actualizada do Rexistro Vitícola de Galicia, en todos os casos[3].
    2. Se o viticultor é unha persoa física, DNI (se a modificación é de explotador).
    3. Se o viticultor é unha sociedade, NIF, poder de representación (no seu caso) e copia da escritura de constitución (si la modificación es de explotador).
    4. Certificado bancario de nº de cuenta corrente (se a modificación é de conta bancaria).

[3] Admitirase a solicitude presentada no Rexistro Vitícola de Galicia, pero nestes casos o viticultor terá de prazo para presentar ao Consello Regulador a ficha actualizada no Rexistro Vitícola de Galicia ata o 1 de xuño (inclusive). En caso de retraso administrativo, este prazo prorrogarase automaticamente polo Consello Regulador ata o 1 de xuño seguinte, facéndose responsable tanto a adega na que entregue uva coma o viticultor das consecuencias que isto poida producir. O cupo calcularase incluíndo a superficie en cuestión.

5. Contrato liquidado de arrendamento (no seu caso).
6. Contrato liquidado de compra-venta (no seu caso).

g. Ademais, o solicitante deberá presentar aquela outra documentación que sexa pertinente para acreditar a modificación e estar ao corrente das súas obrigas económicas co Consello Regulador.

h. O Órgano de Control revisará a solicitude e a documentación presentada co fin de verificar, por un lado, que se entregou a documentación precisa e correcta e, por outro lado, (só no caso de ampliación de superficie) que a nova superficie a inscribir se atopa dentro das zonas de produción contempladas no Prego de Condicións da D.O. Monterrei. En caso de que a solicitude non se atope completa e/ou correcta, comunicarase tal circunstancia ao interesado e concederase un prazo de 15 días naturais para emendar as deficiencias da solicitude.

i. En caso de que o solicitante precise dun prazo maior para emendar a solicitude, este poderá solicitar unha prórroga de xeito motivado e por escrito. O Órgano de Control estudará dita solicitude e comunicaralle ao interesado a concesión ou non da prórroga e por canto tempo.

j. Unha vez se atope completa e correcta a solicitude e a documentación pertinente, o Consello Regulador modificará os datos pertinentes no Rexistro de Viñas e comunicará tal circunstancia ao interesado.

2.3. Emisión periódica da *Ficha de Inscripción no Rexistro de Viñas*

a. Antes de finalizar o mes de xuño de cada ano, o Consello Regulador remitirá, a todos os viticultores con viñas rexistradas no Rexistro de Viñas, a súa correspondente carta de produción provisional.

b. Nos casos nos que estea pendente por parte do viticultor a entrega da ficha definitiva do Rexistro Vitícola de Galicia, lembraráselle neste momento que ten de prazo para presentala ata o 1de xuño (inclusive), ou ben indicarlle ao Consello Regulador que non pode facelo por retraso administrativo. Neste caso, o prazo para entregar a ficha definitiva prorrogarase automaticamente ata o 1 de xuño seguinte, facéndose responsable tanto a adega na que entregue uva coma o viticultor das consecuencias que isto poida producir.

c. Antes do inicio da vendima o Consello Regulador remitirá, a todos os viticultores con viñas rexistradas no Rexistro de Viñas, a súa correspondente carta de producción definitiva onde se indicará a cantidade de quilos de uva máximos por variedade. Só poderá modificarse cando concorra algún dos casos especificados no apdo. 2.2.b ou 2.2.c para a realización de modificacións antes de ou durante a vendima.

2.4. Vixencia das inscricións

a. Para manter a vixencia das inscricións nos Rexistros, será indispensable cumprir en todo momento cos requisitos do Regulamento da D.O. Monterrei (en particular, o capítulo V, arts. 13-18) e do seu Prego de Condicións, así como do seu Manual de Calidade, o cal implica tamén o cumprimento destas Normas Xerais para Viticultores, as normas complementarias destas, e demais normativa de aplicación, debendo comunicar o viticultor calquera variación que afecte os datos achegados para a inscrición.

b. O Consello Regulador, mediante decisión do Pleno, poderá suspender temporal ou definitivamente as inscricións cando os seus titulares no se ateñan aos devanditos requisitos (ver apdo. seguinte).

2.5. Suspensión temporal e baixa no Rexistro de Viñas

a. O Consello Regulador pode proceder á suspensión temporal ou á baixa dun inscrito no Rexistro de Viñas, segundo o establecido no art. 44 do Regulamento.

b. A baixa pode ser tamén voluntaria, a iniciativa do inscrito.

c. A suspensión temporal non poderá superar os 3 meses de duración.

d. O tempo mínimo de baixa antes de poder solicitar de novo a alta será de **2 anos**. Esta limitación non será aplicable no caso de cambio de titularidade.

2.5.1. Baixa voluntaria

a. Para proceder á baixa voluntaria dun viticultor no Rexistro de Viñas do Consello Regulador, deberase presentar unha solicitude mediante escrito propio e debidamente motivada e asinada. Esta solicitude acompañarase da seguinte documentación (vía correo postal, correo electrónico ou persoalmente nas oficinas do Consello Regulador):

   1. Se o viticultor é unha persoa física, copia do seu DNI.
   2. Se o viticultor é unha sociedade, NIF e poder de representación (no seu caso).
   3. Acta de defunción (no caso de falecemento sen cambio de titularidade).

b. O Consello Regulador dará de baixa ao explotador do seu Rexistro de Viñas e o Secretario notificará por escrito tal circunstancia ao interesado.

c. En caso de pagos pendentes, estos deberanse abonar no prazo máximo indicado polo Consello Regulador. De non satisfacerse neste prazo, o Consello Regulador poderá iniciar as accións legais correspondentes en defensa dos seus intereses.

2.5.2. Suspensión temporal ou baixa forzosa

a. A suspensión temporal ou baixa forzosa dun inscrito poderá producirse de acordo co previsto no art. 44º.4 do Regulamento.

b. En particular, a falta de pagamento da taxa anual por superficie rexistrada durante 3 anos consecutivos será motivo de baixa do inscrito.

c. Cando o Secretario ou o Director Técnico do Consello Regulador consideren que debe levarse a cabo a suspensión temporal ou baixa dun inscrito no Rexistro de Viñas, informarán ao Pleno para a toma de decisión ao respecto (excepto no caso de falta de pagamento, no que a baixa será executada directamente polo Secretario).

d. O Secretario do Consello Regulador notificará por escrito a baixa ao interesado.

e. A suspensión temporal non poderá superar os 3 meses de duración. Se ao termo deste período o inscrito non emendou os incumprimentos que motivaron a suspensión temporal, levarase de novo o expediente a Pleno para que este decida sobre a posible baixa do inscrito no Rexistro de Viñas.

f. En caso de baixa do inscrito e de que este teña pagos pendentes, se o interesado non os satisfai no prazo concedido polo Consello Regulador, este poderá iniciar as accións legais correspondentes en defensa dos seus intereses.

3. ZONAS DE PRODUCIÓN

a. A uva utilizada para a elaboración dos viños amparados pola D.O. Monterrei debe proceder necesariamente das zonas de produción da D.O. Monterrei.

b. A elaboración e/ou embotellado dos viños amparados pola D.O. Monterrei deben realizarse exclusivamente en adegas situadas dentro das zonas de produción e que estean inscritas no correspondente Rexistro de Adegas do Consello Regulador.

c. As zonas de produción son as seguintes:

- Subzona val de Monterrei: as parroquias de Castrelo do Val, Pepín e Nocedo do Val do concello de Castrelo do Val; as parroquias de Albarellos, Infesta, Monterrei e Vilaza do concello de Monterrei; as parroquias de Oímbra, Rabal e San Cibrao do concello de Oímbra e as parroquias de Abedes, Cabreiroá, Feces de Abaixo, Feces de Cima, Mandín, Mourazos, Pazos, Queizás, A Rasela, Tamagos, Tamaguelos, Tintores, Verín e Vilamaior do Val do concello de Verín.

- Subzona ladeira de Monterrei: comprende o concello de Vilardevós, as parroquias de Gondulfes e Servoi do concello de Castrelo do Val; as parroquias das Chas, Bousés,

Videferre e A Granxa do concello de Oímbra; as parroquias de Estevesiños, Flariz, A Madalena, Medeiros, Rebordondo, San Cristovo e Vences, do concello de Monterrei; a parroquia de Queirugás do concello de Verín; do concello de Riós, as parroquias de Castrelo de Abaixo, Castrelo de Cima, Fumaces e A Trepa, Progo e Riós; do concello de Cualedro, as parroquias de San Millao, Montes, Rebordondo e A Xironda; e do concello de Laza, as parroquias de Matamá e Retorta.

(Punto 4 Prego de Condicións da D.O. Monterrei)

4. VARIEDADES

a. As variedades de uva que contempla o Prego de Condicións da D.O. Monterrei para a elaboración dos viños protexidos pola mesma, e por tanto para cultivo nos terreos inscritos no Rexistro de Viñas, son as seguintes:

1) Brancas: Albariño, Branca de Monterrei, Caíño branco, Dona Branca, Godello, Loureira e Treixadura.

2) Tintas : Caíño tinto, Mencía, Merenzao, Sousón e Tempranillo (coñecida localmente como Araúxa, aínda que esta é unha sinonimia non recoñecida oficialmente).

(Punto 6 Prego de Condicións da D.O. Monterrei)

5. PRODUCIÓN MÁXIMA

a. A produción máxima admitida por hectárea será:

- 13.200 kg por hectárea para as variedades brancas.

- 10.000 kg por hectárea para as variedades tintas.

(Punto 5 Prego de Condicións da D.O. Monterrei)

As parcelas consideraranse improdutivas no seu ano de plantación ou replantación; o segundo ano poderán ter un rendemento máximo do 30%, e do 100% no terceiro ano, contados desde a súa plantación ou replantación, inclusive.

P.ex.: unha parcela plantada ou replantada no ano 2024 non poderá ser inscrita antes do ano 2025, e ese ano poderá ter un rendemento máximo do 30%.

As parcelas enxertadas consideraranse improdutivas no mesmo ano da súa realización, e poderán ter un rendemento máximo do 100% ao ano seguinte da súa enxerta.

Nota importante: Esta cláusula será de aplicación con carácter retroactivo a partir da data de aprobación desta edición das *Normas para Viticultores*.

b. As adegas deberán levar un autocontrol dos rendementos de produción dos seus provedores de uva, e dos viñedos propios no seu caso, para evitar exceder estes límites.

c. En caso de que o Consello Regulador, en actividades de vixilancia (p.ex. auditorías de viñedo previas á vendima), atope unha parcela improdutiva, a produción correspondente á mesma será excluída do cupo do viticultor na vendima dese mesmo ano, e informarase delo ao viticultor de xeito fidedigno. Esta exclusión do cupo manterase indefinidamente mentres o viticultor non comunique ao Consello Regulador a restitución do viñedo a condición produtiva, e o Órgano de Control o verifique nunha nova auditoría extraordinaria de viñedo.

d. Para o cálculo do rendemento de produción, teranse en conta todos os kgs de uva recollidos nas parcelas, con independencia do seu destino (p.ex. no caso de adegas con viñedos propios que venden parte da súa uva, esta deberá ser contabilizada).

e. **Os excesos de rendemento de produción serán comunicados ao servizo correspondente da consellería competente en materia de agricultura**, o que poderá derivar na incoación dun expediente sancionador ao viticultor.

f. **A uva excedente no poderá ser utilizada para a elaboración de viños protexidos por esta denominación de orixe**.

g. Antes de finalizar o mes de xuño de cada ano, o Consello Regulador emitirá, a todos os viticultores con viñas rexistradas no Rexistro de Viñas, a súa correspondente *Ficha de Inscrición no Rexistro de Viñas* (FIT-08/02) actualizada, onde figuran as superficies e variedades do viticultor.

6. VENDIMA

a. Para cada campaña, o Consello Regulador aproba e publica as *Normas Campaña Vendima*.

b. Estas *Normas Campaña Vendima* teñen por obxecto conseguir unha calidade óptima da colleita e recollen todos os requisitos que deben cumprir operadores e viticultores na vendima, así como os controis que o Órgano de Control realiza durante a mesma.

c. Nos seguintes apartados faise mención a certas condicións xerais de obrigado cumprimento polos viticultores na vendima e/ou do seu interese. Con todo, deberán consultarse as *Normas Campaña Vendima* correspondentes a cada campaña, que serán remitidas ás adegas antes do inicio da mesma, e cumprir co establecido nelas.

d. Para o exercicio das súas funcións, os vedores e técnicos de vendima estarán debidamente habilitados pola Xunta de Galicia. As persoas físicas e xurídicas estarán obrigadas, a petición dos vedores e técnicos de vendima, a consentir a realización das visitas de control e dar toda clase de facilidades para elo.

6.1. Obrigacións xerais para os viticultores en vendima

a. Os viticultores que vendan uva as bodegas inscritas deberán estar inscritos no Consello Regulador.

b. Os viticultores deben estar ao corrente de pago das súas taxas co Consello Regulador. De non ser así, o técnico de vendima informará ao viticultor que debe abonar a débeda por transferencia bancaria, antes de proceder á recepción e control da súa uva na adega.

6.2. Entrada de uva na adega

a. A uva deberá chegar á adega **envasada en caixas de plástico perforadas**, dunha capacidade de enchemento non superior a 20-22 quilos/caixa.

   Ademais, permítese a incorporación da posibilidade de emprego de palots na entrada de uva nas adegas. Tamén se permitirá a utilización de vendimadoras mecánicas.

   Non se admitirá ningunha uva que entre na adega en sacos de plástico, nin aquela uva que unha vez chegada a adega en sacos, sexa pasada a caixas.

b. **A uva deberá entregarse na adega separada por variedades.** Non se admitirá ningunha partida que entre na adega como mestura de variedades.

c. A uva deberá chegar á adega **sa e co grao de madurez necesario**.

d. **Pesaranse todas as partidas de uva introducidas, tanto as de colleita propia da adega como as mercadas a outros viticultores,** separando por variedades.

e. Cando a uva chegue pesada á adega, o técnico de vendimia de Órgano de Control deberá poder comprobar fidedignamente a exactitude do peso consignado, mediante a documentación oportuna (en xeral, ticket de báscula ou documento similar). En caso contrario, o Órgano de Control poderá obrigar a pesar a partida ou, se esta entrase e fose procesada pola adega, esixir a descalificación do viño correspondente.

f. O técnico de vendima do Órgano de Control comprobará o **estado sanitario das uvas** que entran nas adegas, deixando constancia no apartado correspondente da aplicación informática.

g. O técnico de vendima do Órgano de Control comprobará o **grao de madurez das uvas** que entran nas adegas (orientativamente debe acadar os 11 graos como mínimo), deixando constancia no apartado correspondente da aplicación informática.

6.3. Control dos rendementos de producción

a. As adegas están obrigadas a levar un autocontrol dos rendementos de produción de cada un dos viticultores aos que lles mercan uva, para evitar exceder os límites establecidos no Prego de Condicións da D.O. Monterrei.

b. Por tanto, os viticultores deberán colaborar coas adegas ás que lle vendan uva para facilitar este autocontrol dos rendementos de producción.

6.4. <u>Vendimadora mecánica</u>

a. Para o trasporte da vendima (sempre uva despalillada) empregaranse remolques de aceiro inoxidable. De empregarse outro tipo de trasporte, serán lonas que eviten o contacto da uva coa chapa do remolque, a non ser que dita chapa posúa un recubrimento de uso alimentario. As lonas teñen que protexer e cubrir todas as zoas de contacto e non só a parte inferior do remolque.

b. Todas as partidas de uva (tanto as de colleita propia como as mercadas) terán que ser pesadas e taradas na mesma báscula. No caso de que as vendimadoras mecánicas dispoñan de sistema de pesaxe, poderán realizar a descarga directamente na adega.

c. Cando a uva vendimada mecanicamente sexa entregada na adega, deberá incrementarse o peso neto nun 4% como máximo. Neste caso, a adega debe deixar rexistro documental do peso neto orixinalmente recibido e o correspondente incremento.

6.5. <u>Parte de Recepción de Uva</u>

a. O técnico de vendima do Órgano de Control cumprimentará un *Parte de recepción de uva* (FPOC-04/04) por viticultor e día, onde reflictirá os datos da adega e do viticultor, e os quilos de uva que entran na adega por variedade de uva.

b. Non poderá manterse aberto un *Parte de recepción de uva* (FPOC-04/04) dun día para outro, tendo obrigatoriamente que pecharse ao final do día.

c. Ademais, o técnico de vendima fará constar no *Parte de recepción de uva* (FPOC-04/04) as observacións e incidencias que se presenten.

d. O técnico de vendima entregará unha copia de este *Parte de recepción de uva* (FPOC-04/04) á adega e ao viticultor.

6.6. <u>Validación da colleita</u>

a. Unha vez rematada a vendima, o Consello Regulador remitirá ao viticultor unha comunicación na que lle indicará as cantidades (quilos) de uva entregadas por variedade e adega, segundo os datos obrantes no Consello Regulador, coa intención de que o viticultor comprobe a súa exactitude.

b. Nesta comunicación concederáselle ao viticultor un prazo para facer as alegacións que considere oportunas, en caso de desacordo ou erro nos datos comunicados.

c. De non responder a esta comunicación no prazo indicado, o Consello Regulador considerará que o viticultor está de acordo cos datos comunicados. Neste caso, ou cando se teñan corrixido os datos cando proceda, a colleita do viticultor quedará validada.

7. RASTREXABILIDADE

a. Os viticultores deberán colaborar coas adegas ás que lle vendan uva para facilitar o seu autocontrol da rastrexabilidade. As adegas deben dispoñer dun sistema de autocontrol da rastrexabilidade que permita acreditar as especificacións de tódalas partidas de viño en canto a procedencia de uva, variedades empregadas, rendementos de produción e rendementos de elaboración.

b. Nas auditorías de certificación de produto efectuadas por auditores do Órgano de Control nas adegas inscritas, realizarase sempre un exercicio de demostración do sistema de autocontrol da rastrexabilidade da adega, que se inicia nunha botella de produto terminado elixida polo auditor ou, na súa falla, un depósito, e remata nos datos dos viticultores que entregaron a uva da que procede ese viño.

8. ACTUACIÓNS DO ÓRGANO DE CONTROL

a. O Órgano de Control deste Consello Regulador ten a potestade controlar ou auditar os viñedos rexistrados, ou para os que se solicite a inscrición no Rexistro de Viñas, cando o considere conveniente, co obxectivo de comprobar que se cumpren os requisitos establecidos no Regulamento da D.O. Monterrei, no seu Prego de Condicións e no seu Manual da Calidade e documentación asociada.

b. Os titulares dos viñedos teñen a obrigación de facilitar a labor auditora ou de control do Órgano de Control.

c. Tras a realización das comprobacións oportunas, desde o Órgano de Control informarase ao titular por escrito do resultado das mesmas, detallándolle as non conformidades detectadas, no seu caso, e o prazo para a correción destas. É necesario que, dentro de devandito prazo, preséntense ante o Órgano de Control probas da adopción de medidas para emendar ditas non conformidades (ver apdo. 9).

d. No caso de que no transcurso da auditoría, ou de calquera outra actuación, un vedor do Órgano de Control detecte que se están incumprindo requisitos legais no ámbito da súa competencia, de carácter grave ou sancionable para a consellería competente en materia de agricultura, levará a cabo as accións que considere procedentes, entre as que pode incluírse iniciar un expediente para elevar á devandita consellería.

e. Os técnicos (vedores e/ou técnicos de vendima) do Órgano de Control do Consello Regulador están habilitados pola consellería competente en materia de agricultura, e poderán:

   1) Os veedores poderan aceder a facturas de compra de uva e de prantas.

   2) Acceder a todas as parcelas (e dependencias asociadas) rexistradas, ou para as que se solicite a inscrición no Rexistro de Viñas deste Consello Regulador.

   3) Solicitar a colaboración de calquera administración pública, organizacións profesionais e organizacións de consumidores. En particular, solicitar a colaboración do Servizo de Industrias, Calidade e Cadea Agroalimentaria (Fraudes) do Dpto. Territorial correspondente da Consellería de Medio Rural.

f. O anterior é tamén aplicable a persoal subcontratado polo Órgano de Control, sempre que o mesmo sexa habilitado pola consellería competente en materia de agricultura.

8.1. Auditoría de viñedos

a. O Órgano de Control do Consello Regulador realizará auditorías sobre os viñedos rexistrados, ou para o que se solicite a inscrición, no Rexistro de Viñas.

b. As auditorías para realizar sobre un viñedo varían no seu alcance e periodicidade segundo o tipo de auditoría do que se trate, podendo corresponderse cunha dos seguintes:

   1) **Auditorías de seguimento:** poderase levar a cabo unha auditoría de seguimento cando o Órgano de Control o considere necesario, en función dos criterios de risco que aplique o Consello Regulador.

   2) **Auditorías extraordinarias:** ademais das auditorías levadas a cabo con carácter inicial ou de seguimento, o Órgano de Control do Consello Regulador pode considerar procedente a realización doutras auditorías, con carácter extraordinario, cando:

      - Se introduciran modificacións significativas nos datos achegados polo viticultor.
      - Se detectaran non conformidades reiteradas.
      - Se detectara ausencia de accións correctivas respecto a non conformidades detectadas en auditorías levadas a cabo polo Órgano de Control.
      - Deba verificarse a implantación de accións correctivas.
      - Se teña a seguridade, ou se sospeite, que un viticultor está a incorrer nun incumprimento de requisitos, que poña en risco a calidade do produto final ou a imaxe da D.O. Monterrei no mercado.

3) **Auditorías de vendima:** levaranse a cabo no caso de que o Órgano de Control o considere necesario, durante a vendima. O obxectivo é controlar que os procesos de vendima realízanse de forma conforme a estas Normas para Viticultores (e, por extensión, no Manual da Calidade do Consello Regulador e a súa documentación asociada), e ao Regulamento e o Prego de Condicións da D.O. Monterrei.

c. Con antelación á realización da auditoría de viñedo, contactarase co viticultor e fixarase o día, hora e lugar de encontro para efectuala.

d. En caso de que o viticultor non se presente no día, hora e lugar acordados, o Órgano de Control poderá facer igualmente a auditoría se ten acceso á parcela ou parcelas.

e. Cando o viticultor non se presente xustificadamente no día, hora e lugar acordados, e o auditor non poida realizar a auditoría (viñedo pechado ou de difícil localización), o Órgano de Control abrirá unha non conformidade ao viticultor, motivada por non facilitar a labor auditora.

f. Tras a realización da auditoría, o Órgano de Control comunicará o resultado da mesma por escrito ao viticultor, detallando as non conformidades detectadas e o prazo para a súa correción. No devandito prazo, é necesario que se presenten ante o Órgano de Control evidencias da adopción de accións correctivas, ou planificación das mesmas, segundo o caso (ver apartado seguinte).

g. Considerarase que unha auditoría foi superada satisfactoriamente cando se emenden as non conformidades detectadas, se as houbese, no prazo establecido.

h. Auditarase anualmente, e de forma aleatoria, a un mínimo do 5% de viticultores rexistrados, procedéndose á revisión de, polo menos, unha parcela por viticultor.

9. NON CONFORMIDADES

9.1. Definicións

a. **Non conformidade grave:** Desviación crítica respecto aos requisitos do esquema de certificación de produto do Consello Regulador da D.O. Monterrei. Enténdese como crítica a desviación que:

1. Incumpre directamente algún dos requisitos do Prego de Condicións da D.O. Monterrei.
2. Compromete o nivel de calidade considerado como aceptable do produto certificado, ou que aspire a selo, pola D.O. Monterrei.
3. Indica un potencial fraude por parte do viticultor nas súas declaracións ante o Consello Regulador da D.O. Monterrei.

4. Compromete a imaxe da D.O. Monterrei no mercado.
5. Aínda non tendo carácter grave nun principio, é suficientemente repetitiva a xuízo do Órgano de Control.

b. **Non conformidade leve:** Desviación non crítica respecto aos requisitos do esquema de certificación de produto do Consello Regulador da D.O. Monterrei.

c. **Observación:** identificación dunha práctica allea aos requisitos estipulados, pero que non constitúe unha desviación respecto destes; ou desviación de carácter ocasional ou accidental, que non revela un comportamento sistematicamente incorrecto.

d. **Acción correctiva:** Acción tomada para eliminar a causa dunha non conformidade ou observación detectada.

9.2. Xeneralidades

a. Durante a realización de actividades de avaliación ou vixilancia polos, vedores ou auditores do Órgano de Control, pódense detectar non conformidades ou observacións nas actuacións dos viticultores.

b. As non conformidades ou observacións poderán detectarse:

1. En auditorías efectuadas polo Órgano de Control.
2. En controis efectuados polo Órgano de Control.
3. Na vendima, por vedores ou auditores do Órgano de Control.

c. A comunicación por parte dun viticultor, feita antes da vendima, de ter algunha parcela sen inscribir, non servirá para evitar ou emendar a potencial non conformidade que o Consello Regulador lle aperture por exceso de rendemento de produción. Para emendar esta non conformidade, o viticultor deberá inscribir a parcela en prazo antes da seguinte vendima.

d. O Órgano de Control comunicará ao viticultor a non conformidade ou observación por escrito, vía correo electrónico ou correo certificado, no prazo máximo de 1 mes natural dende a detección, mediante o correspondente informe de auditoría ou comunicación por correo electrónico.

e. En xeral, a xestión das devanditas non conformidades ou observacións, e o correspondente intercambio de información co viticultor, será efectuada por un auditor do Órgano de Control.

9.3. Resposta do viticultor

a. Os viticultores contarán cun prazo de 1 mes natural para responder por escrito (presencialmente ou vía correo electrónico ou correo ordinario) á comunicación das non conformidades (no caso das observacións non será obrigatorio responder), contado desde a data en que se recibira dita comunicación.

b. No caso particular das auditorías de viñedo, a resposta farase, sempre que sexa posible, para o conxunto das non conformidades detectadas (e non de xeito independente).

c. Os viticultores, coa súa resposta, aportarán información para emendar a non conformidade detectada. Para elo deberán, segundo o caso, comunicar:

    a) A causa identificada da mesma.

    b) A correción da mesma, empregando para elo os formatos oficiais do Consello Regulador cando sexan aplicables.

    a) Sempre que sexa posible, a acción correctiva adoptada contra a causa da mesma, para evitar a súa repetición.

d. En caso de que a documentación aportada polo viticultor non sexa suficiente, ou suficientemente clara, a xuízo do auditor do Órgano de Control responsable da xestión, este poderá solicitar por escrito ampliación ou mellora da mesma, ou incluso visitar a explotación se é necesario. O prazo máximo para a presentación desta ampliación ou mellora da documentación será de 10 días hábiles.

9.4. Prórroga

a. O viticultor, en caso de considerar insuficiente o devandito prazo dun mes, pode solicitar por escrito, e de xeito motivado, unha prórroga ao mesmo, que será concedida ou non, en función dos motivos alegados e da natureza da non conformidade, polo Órgano de Control. Segundo os devanditos criterios, o Órgano de Control determinará tamén a duración da prórroga, sendo esta como máximo de 3 meses[4].

b. A decisión relativa á prórroga será comunicada por escrito ao viticultor polo Órgano de Control, vía correo electrónico ou correo ordinario.

c. A duración da prórroga contarase dende a data de finalización do prazo ordinario dun mes, con independencia das datas das comunicacións entre viticultor e Órgano de Control.

9.5. Seguimento e valoración da correción

a. A resposta do viticultor para emendar a non conformidade poderá ser satisfactoria ou non satisfactoria a xuízo do Órgano de Control.

b. O Órgano de Control comunicará por escrito ao viticultor o carácter satisfactorio ou non satisfactorio da súa resposta, segundo se indica nos seguintes apartados.

[4] Nalgúns casos, de xeito excepcional, o auditor pode conceder prórroga por máis tempo, se considera xustificado non poder dispoñer de evidencias en 1 mes + 3 meses (p.e. certas non conformidades de vendima).

c. No caso particular das auditorías, a comunicación relativa á subsanación das non conformidades farase, sempre que sexa posible, para o conxunto das non conformidades detectadas (e non de xeito independente).

9.6. Correción satisfactoria

a. No caso de que a resposta do viticultor sexa satisfactoria, o Órgano de Control pechará a non conformidade satisfactoriamente, e así o comunicará por escrito ao viticultor, vía correo electrónico ou correo ordinario.

b. O Órgano de Control valorará a conveniencia de comprobar nun futuro que a subsanación das non conformidades ten sido eficaz, p.e. nunha auditoría de seguimento, ou realizando unha auditoría extraordinaria.

9.7. Non correción ou correción non satisfactoria

a. No caso de que non conste no Consello Regulador recepción da comunicación da non conformidade polo viticultor no prazo dun mes desde a súa emisión, ou que, unha vez cumpridos os prazos, non haxa resposta do viticultor ou a resposta non sexa satisfactoria a xuízo do Órgano de Control, este:

   1. Considerará non subsanada a non conformidade.
   2. Comunicarao ao viticultor, no prazo máximo de 1 mes natural desde a finalización do prazo de resposta.
   3. Proporá ao Pleno o inicio do proceso de suspensión ou baixa do viticultor no Rexistro de Viñas do Consello Regulador (ver apdo. 2.5.2).

b. Nos casos nos que unha non conformidade estea asociada a un potencial fraude, o Consello Regulador elevará comunicación á autoridade competente, e o Director Técnico do Órgano de Control poderá establecer, se os riscos asociados o recomendan, medidas cautelares de control ou contención durante o prazo de xestión do expediente por parte da autoridade competente.

c. En tanto se manteña a non correción, ou correción insatisfactoria, **quedarán suspendidos os dereitos do viticultor a todos os servizos do Consello Regulador, así como a entregar uva baixo o amparo da D.O. Monterrei**. Ademais, non se lle fará entrega da *Ficha de Inscrición no Rexistro de Viñas* (FIT-08/02).

9.8. Non conformidades: tipoloxía e categorización

a. Os tipos de non conformidades máis habituales e a súa categorización en graves o leves poden consultarse no Anexo 2 destas *Normas Xerais para Viticultores*.

b. O listado de non conformidades do Anexo 2 non é exhaustivo (os auditores do Órgano de Control poden atopar outras, ou redactalas de xeito distinto segundo as circunstancias da

detección) e a súa categorización é orientativa (os auditores do Órgano de Control poden categorizalas de xeito distinto segundo as circunstancias da detección).

10. RECLAMACIÓNS ANTE O CONSELLO REGULADOR

a. Cando un viticultor desexe interpoñer unha reclamación, debe facelo por escrito, **no prazo máximo de 1 mes** natural desde a recepción da comunicación ou a realización do feito que recorre ou reclama, mediante escrito propio dirixido ao Consello Regulador onde se inclúan, como mínimo, os datos necesarios para a identificación das actividades obxecto de reclamación, unha descrición detallada da reclamación, e os datos do reclamante.

b. En caso de non estar de acordo coa decisión que o Consello Regulador tome respecto da súa reclamación, o interesado **ten dereito a elevar recurso ante o Comité de Garantías do Consello Regulador**, sempre que o recurso ou reclamación estea relacionado co esquema de certificación de produto do Consello Regulador. Esta información proporcionaráselle no comunicado que se lle remite en calquera dos dous casos.

c. Nestes casos, o interesado deberá redactar, no prazo de 1 mes natural desde a recepción da comunicación, un escrito que remitirá á atención do Comité de Garantías do Consello Regulador.

d. O recurso será analizado polo Comité de Garantías do Consello Regulador, na súa seguinte reunión. Este órgano ten a función de velar polo correcto funcionamento dos procesos do Consello Regulador como entidade de certificación.

e. A decisión do Comité de Garantías se lle comunicará por escrito ao interesado e ao Consello Regulador.

f. Non cabe novo recurso contra a decisión do Comité de Garantías. A partir deste momento, o interesado, se o desexa, soamente poderá recorrer por vía administrativa ante a consellería competente en materia de agricultura, no caso de que o recurso se fundamente no incumprimento de normas aplicables ao Órgano de Control. De elo informarase ao interesado na comunicación da decisión do Comité de Garantías.

ANEXO 1: REFERENCIAS LEXISLATIVAS

a. Prego de Condicións da Denominación de Orixe Protexida (DOP) Monterrei (Resolución do 11 de xullo de 2025, da Axencia Galega de Calidade Alimentaria, pola que se aproba unha modificación do prego de condicións da denominación de orixe protexida Monterrei e pola que se lle dá publicidade, DOG nº 139, de 22 de xullo de 2025).

b. Manual da Calidade do Consello Regulador da D.O. Monterrei e a súa documentación asociada (Normas, Procedementos, Instrucións e demais documentos).

c. Regulamento da Denominación de Orixe Monterrei e do seu Consello Regulador (Orde do 25 de novembro de 1994, da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, DOG nº 3, de 4 de xaneiro de 1995) e as súas modificacións posteriores.

d. Reglamento (UE) 2024/1143 del Parlamento Europeo y del Consejo de 11 de abril de 2024 relativo a las indicaciones geográficas para vinos, bebidas espirituosas y productos agrícolas, así como especialidades tradicionales garantizadas y términos de calidad facultativos para productos agrícolas, por el que se modifican los Reglamentos (UE) n.o 1308/2013, (UE) 2019/787 y (UE) 2019/1753, y se deroga el Reglamento (UE) n.o 1151/2012.

e. Reglamento (UE) 2021/2117 del Parlamento Europeo y del Consejo de 2 de diciembre de 2021 que modifica los Reglamentos (UE) n.o 1308/2013, por el que se crea la organización común de mercados de los productos agrarios, (UE) n.o 1151/2012, sobre los regímenes de calidad de los productos agrícolas y alimenticios, (UE) n.o 251/2014, sobre la definición, descripción, presentación, etiquetado y protección de las indicaciones geográficas de los productos vitivinícolas aromatizados, y (UE) n.o 228/2013, por el que se establecen medidas específicas en el sector agrícola en favor de las regiones ultraperiféricas de la Unión.

f. Reglamento Delegado (UE) nº 2019/33 de la Comisión, de 17 de octubre de 2018, por el que se completa el Reglamento (UE) nº 1308/2013 del Parlamento Europeo y del Consejo en lo que respecta a las solicitudes de protección de denominaciones de origen, indicaciones geográficas y términos tradicionales del sector vitivinícola, al procedimiento de oposición, a las restricciones de utilización, a las modificaciones del pliego de condiciones, a la cancelación de la protección, y al etiquetado y la presentación.Reglamento Delegado (UE) nº 2018/273 de la Comisión, de 11 de diciembre de 2017, por el que se completa el Reglamento (UE) nº 1308/2013 del Parlamento Europeo y del Consejo en el que atañe al régimen de autorizaciones para plantaciones de vid, el registro vitícola, los documentos de acompañamiento, la certificación, el registro de entradas y salidas, las declaraciones obligatorias, las notificaciones y la publicación de la información notificada, y por el que se completa el Reglamento (UE) nº 1306/2013 del Parlamento Europeo y del Consejo en lo que atañe a los controles y sanciones pertinentes, por el que se modifican los Reglamentos (CE) nº 555/2008, (CE) nº 606/2009 y (CE) nº 607/2009 de la Comisión y por el que

se derogan el Reglamento (CE) nº 436/2009 de la Comisión y el Reglamento Delegado (UE) 2015/560 de la Comisión.

g. Reglamento de Ejecución (UE) nº 2019/34 de la Comisión, de 17 de octubre de 2018, por el que se establecen disposiciones de aplicación del Reglamento (UE) n° 1308/2013 del Parlamento Europeo y del Consejo en lo que se refiere a las solicitudes de protección de las denominaciones de origen, las indicaciones geográficas y los términos tradicionales en el sector vitivinícola, al procedimiento de oposición, a las modificaciones del pliego de condiciones, al registro de nombres protegidos, a la cancelación de la protección y al uso de símbolos, y del Reglamento (UE) n° 1306/2013 del Parlamento Europeo y del Consejo en lo que se refiere a un sistema adecuado de controles.

h. Reglamento de Ejecución (UE) nº 2018/274 de la Comisión, de 11 de diciembre de 2017, por el que se establecen las normas de desarrollo del Reglamento (UE) nº 1308/2013 del Parlamento Europeo y del Consejo en el que respeta al régimen de autorizaciones para plantaciones de vid, la certificación, el registro de entradas y salidas, las declaraciones obligatorias y las notificaciones, y del Reglamento (UE) nº 1306/2013 del Parlamento Europeo y del Consejo en lo que respecta a los controles pertinentes, y por el que se deroga el Reglamento de Ejecución (UE) 2015/561 de la Comisión.

i. Reglamento de Ejecución (UE) nº 668/2014 de la Comisión, de 13 de junio de 2014, que establece las normas de desarrollo del Reglamento (UE) n° 1151/2012 del Parlamento Europeo y del Consejo sobre los regímenes de calidad de los productos agrícolas y alimenticios.

j. Reglamento (CE) 491/2009 del Consejo, de 25 de mayo de 2009, que modifica el Reglamento (CE) 1234/2007 por el que se crea una organización común de mercados agrícolas y se establecen disposiciones específicas para determinados productos agrícolas (Reglamento único para las OCM).

k. Reglamento (CE) 555/2008 de la Comisión, de 27 de junio de 2008, por el que se establecen normas de desarrollo del Reglamento (CE) 479/2008 del Consejo, por el que se establece la organización común del mercado vitivinícola, en lo relativo a los programas de apoyo, el comercio con terceros países, el potencial productivo y los controles en el sector vitivinícola.

l. Reglamento (UE) 1306/2013 del Parlamento Europeo y del Consejo, de 17 de diciembre de 2013, sobre la financiación, gestión y seguimiento de la Política Agrícola Común, por el que se derogan los Reglamentos (CE) nº 352/78, (CE) nº 165/94, (CE) nº 2799/98, (CE) nº 814/2000, (CE) nº 1290/2005 y (CE) nº 485/2008 del Consejo.

m. Reglamento (UE) 1308/2013 del Parlamento Europeo y del Consejo, de 17 de diciembre de 2013, por el que se crea la organización común de mercados de los productos agrarios y por el que se derogan los Reglamentos (CEE) nº 922/72, (CEE) nº 234/79, (CE) nº 1037/2001 y CE nº 1234/2007.

n. Ley 24/2003, del 10 de julio, de la viña y del vino (BOE nº 165, de 11 de julio de 2003).

o. Ley 17/2011, de 5 de julio, de seguridad alimentaria y nutrición (BOE nº 160, de 6 de julio de 2011).

p. Ley 6/2015, de 12 de mayo, de Denominaciones de Origen e Indicaciones Geográficas Protegidas de ámbito territorial supraautonómico (BOE nº 114, de 13 de mayo de 2015).

q. Ley 12/2013, de 2 de agosto, de medidas para mejorar el funcionamiento de la cadena alimentaria (BOE nº 185, de 3 de agosto de 2013).

r. Ley 2/2000, de 7 de enero, reguladora de los contratos tipo de productos agroalimentarios (BOE nº 8, de 10 de enero de 2000).

s. Real Decreto 557/2020, de 9 de junio, por el que se adoptan medidas extraordinarias en el sector del vino para hacer frente a la crisis causada por la pandemia de COVID-19, y por el que se fija una norma de comercialización en el sector del vino y se modifica la regulación sobre declaraciones obligatorias en el sector vitivinícola y el programa de apoyo al sector del vino (BOE nº 163, de 10 de junio de 2020).

t. Real Decreto 1338/2018, de 29 de octubre, por el que se regula el potencial de producción vitícola (BOE nº 262, de 30 de octubre de 2018).

u. Real Decreto 313/2016, de 29 de julio, por el que se modifican el Real Decreto 739/2015, de 31 de julio, sobre declaraciones obligatorias en el sector vitivinícola, y el Real Decreto 740/2015, de 31 de julio, por el que se regula el potencial de producción vitícola, y se modifica el Real Decreto 1079/2014, de 19 de diciembre, para la aplicación de las medidas del programa de apoyo 2014-2018 al sector vitivinícola (BOE nº 183, de 30 de julio de 2016).

v. Real Decreto 739/2015, de 31 de julio, sobre declaraciones obligatorias en el sector vitivinícola (BOE nº 183, de 1 de agosto de 2015).

w. Real Decreto 8/2015, de 16 de enero, por el que se modifica el Real Decreto 1363/2011, de 7 de octubre, por el que se desarrolla la reglamentación comunitaria en materia de etiquetado, presentación e identificación de determinados productos vitivinícolas (BOE nº 263, de 1 de noviembre de 2011).

x. Real Decreto 1363/2011, de 7 de octubre, por el que se desarrolla la reglamentación comunitaria en materia de etiquetado, presentación e identificación de determinados productos vitivinícolas (BOE nº 25, de 29 de enero de 2015).

y. Real Decreto 323/1994, de 28 de febrero, sobre los documentos que acompañan el transporte de productos vitivinícolas y los registros que se deben llevar en el sector vitivinícola (BOE nº 109, de 7 de mayo de 1994).

z. Lei 1/2024, de 11 de xaneiro, da calidade alimentaria de Galicia (DOG nº 13, de 18 de xaneiro de 2024).

aa. Decreto 4/2007, de 18 de enero, por el que se regulan las denominaciones geográficas de calidad del sector alimentario y sus consejos reguladores (DOG nº 20, de 29 de xaneiro de 2007).

bb. Decreto 256/2011, de 7 de diciembre, por el que se regula el potencial de producción vitícola de Galicia (DOG nº 60, de 27 de marzo de 2011).

cc. Decreto 158/2011, de 21 de julio, por el que se dictan normas de aplicación sobre los documentos que acompañan el transporte de productos vitivinícolas, los registros y las declaraciones de determinadas prácticas en el sector vitivinícola en la Comunidad Autónoma de Galicia (DOG nº 148, de 3 de agosto de 2011).

dd. Orde de 22 de setembro de 2021 da Consellería de Medio Rural pola que se modifican anexos, prazos e normas procedimentais do Decreto 256/2011, de 7 de decembro, polo que se regula o potencial de produción vitícola de Galicia (DOG nº 189, de 30 de septiembre de 2021).

ee. Norma UNE-EN ISO/IEC 17065:2012: Evaluación de la conformidad. Requisitos generales para organismos que certifican productos, procesos y servicios.

ANEXO 2: NON CONFORMIDADES: TIPOLOXÍA E CATEGORIZACIÓN

Tipo	Categoría
Vendima	
Exceso de rendemento de produción nalgunha variedade entregada[5]	Grave
Entrega de variedades non autorizadas	Grave
Entrega de variedades non rexistradas nas parcelas do viticultor	Grave
Falta de separación de variedades na vendima	Grave
Datos e estado do viñedo	
Solicítase a inscrición dun viñedo que figura no Rexistro Vitícola de Galicia como abandonado, ilegal, ou en calquera outro estado que non permita a súa inscrición	Grave
Os datos documentais aportados non se corresponden coa realidade	Grave
A superficie de viñedo real non se corresponde coa declarada	Grave
As variedades plantadas non se corresponden coas declaradas	Grave
Non existe plantación ou está en estado improdutivo, sen telo comunicado ao Consello Regulador	Grave
O viñedo está replantado ou reenxertado (total ou parcialmente) sen telo comunicado ao Consello Regulador	Grave
O viñedo non se atopa nun estado físico e productivo axeitado, sen telo comunicado ao Consello Regulador	Leve
Comunicacións ao Consello Regulador	
Non comunicar a enxerta no mesmo ano da súa realización	Grave
Faltas de comunicacións obligatorias	Leve
Xerais	
Impedimento á labor auditora ou de control	Grave
Dilación inxustificada na aportación de documentación esixida polo CR	Grave
Dilación inxustificada en acordar data para a realización de auditoría ou control polo CR	Grave
Non presentarse na data e hora acordada para a realización de auditoría ou control polo CR	Grave
Falta de subsanación de non conformidades	-[6]

[5] Considerarase exceso de rendemento cando se produza na totalidade da explotación do viticultor, non nunha determinada parcela.

[6] Neste caso procederase segundo o indicado no apdo. 9.7.

ANEXO 3: RELACIÓN DE NORMAS COMPLEMENTARIAS

Código	**Nome do documento**
	Normas Campaña Vendimia